

Expediente n.º: 262/2021

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisions de postos

**BASES PARA A CREACION DA BOLSA DE EMPREGO PARA A
CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE
DETERMINADOS POSTOS DE TRABAJO ADSCRITOS Ó
CONCELLO DE MANZANEDA.**

1ª.-OBJECTO DAS BASES.

O obxecto destas Bases é a regulación do procedemento para a confección da Bolsa de Emprego para a contratación de persoal laboral temporal das diferentes categorías profesionais adscritas ó Concello de Manzaneda que se describen no Anexo II das presentes Bases.

2ª.-MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

Chegado o caso de necesidade de contratacións, realizarase o nomeamento ou formalizarse o correspondente contrato laboral baixo algunha das modalidades contractuais previstas na lexislación laboral vixente.

3ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

- a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, estes últimos acorde co disposto na Lei 17/1993, do 23 de decembro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión dos títulos académicos que se detallan no Anexo II para cada unha das categorías a desenvolver:

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estar en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Idéntico requisito seralles esixido aos/ás nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4.1 Lugar e prazo de presentación.

As solicitudes para tomar parte nos procesos selectivos faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde-Presidente do Concello, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira Bases así como os establecidos no Anexo I en canto á titulación requerida.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horario laboral de 9:00 a 14:00 horas, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

No caso de presentación nas oficinas de Correos, deberá aparecer a propia solicitude selada con indicación do día e hora de presentación. No caso de que non figure selo con indicación de día e hora, considerarase como data de presentación a de anotación no Rexistro Xeral do Concello e será a que se teña en conta a tódolos efectos.

O prazo de presentación de solicitudes será de VINTE (20) días naturais a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria na sede electrónica do Concello, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

A data de referencia para o cómputo dos prazos será a de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

4.2 Documentación a achegar.

Xunto coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia da titulación esixida no Anexo II desta convocatoria.
- Relación de méritos para a valoración do concurso, que se acompañará da documentación orixinal ou no seu caso, copias autenticadas acreditativas dos mesmos.

Non se terán en conta aqueles méritos que non queden acreditados na forma sinalada anteriormente ou que non se acrediten no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

A xustificación da experiencia profesional realizarase mediante Informe de Vida Laboral, que se acompañará cunha certificación da empresa na que conste o posto de traballo desempeñado, ou Certificado de Empresa en modelo oficial do Instituto Nacional de Emprego, ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de forma fidedigna o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá. Os documentos expedidos no estranxeiro deberán estar debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases da convocatoria.

5ª.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde dictará resolución no prazo máximo de DEZ (10) días declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase na Sede Electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de dez (10) días, contados desde o día seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2915, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2.- Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará na Sede Electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso, así como a composición do tribunal cualificador.

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

6ª.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as.

Tódolos vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público notificándollo á autoridade convocante.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada Lei 40/2015.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

O Tribunal de Valoración realizará unha validación da documentación presentada polas persoas solicitentes para evitar que sexa preciso que a documentación que se aporte a este proceso teña que volver a presentarse en vindeiros procesos selectivos.

7ª.- CONTIDO DO PROCESO DE CUALIFICACIÓN: CONCURSO.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado no prazo de TRES (3) días naturais, comunicándoo á autoridade que convocara o proceso selectivo no prazo de cinco días naturais.

O tribunal seleccionará aos aspirantes mediante o sistema de concurso de méritos, tendo en conta o seguinte baremo.

Baremo de Méritos:

A) Experiencia Profesional:

Por servizos prestados tanto por conta allea como por conta propia, e ata un máximo de 15,00 (quince) puntos:

1. Experiencia laboral en categoría idéntica no Concello de Manzaneda. Puntuarase con 0,20 puntos por mes traballado ou fracción igual ou superior a quince días.
2. Experiencia laboral en categoría idéntica en Administracións Públicas. Puntuarase con 0,10 puntos por mes traballado ou fracción superior ou igual a quince días.
3. Experiencia laboral en categoría idéntica no ámbito privado. Puntuarase con 0,05 puntos por cada mes traballado ou fracción superior ou igual a quince días.

Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social acompañado de certificado de servizos prestados emitido polo responsable da empresa ou fotocopia dos contratos, especificando a categoría profesional e o tempo traballado. No caso de discrepancia entre a vida laboral e os certificados/contratos aportados prevalecerá o de menor duración.

Estar en situación de desemprego

Pola inscrición continuada como demandante de emprego: 0'1 puntos/mes, cun máximo de 2,00 (dous) puntos. Só computará para este mérito o periodo derradeiro anterior á data de presentación de instancias sempre que nesa mesma data se atope en tal situación.

Será necesario presentar certificado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e a duración da mesma.

Cursos de formación e perfeccionamento:

Pola participación, como asistente ou relator/a, en cursos de formación e perfeccionamento organizados ou homologados

polas administracións públicas, escolas oficiais de funcionarios/as e/ou universidades, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua, relacionados coas funcións a desenvolver na categoría profesional ofertada, computándose a razón de 0,01 puntos/hora e de 0,1 puntos/crédito. Non se puntuarán os cursos con duración inferior a oito horas ou nove créditos. No caso de que a duración do curso figure en horas e en créditos computarase a que comporte maior puntuación.

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá superar os 6,00 (seis) puntos.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez.

En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse, dentro do prazo de presentación de instancias, mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, éstos non valorarán.

Coñecemento da lingua galega:

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose unicamente o grao superior alegado, e concedéndose validez soamente ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Celga 1: 0,5 puntos
- Celga 2: 0,75 puntos
- Celga 3 ou Grao de iniciación 1,0 puntos
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento 1,50 puntos
- Celga 5: 2,0 puntos

8ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E APROBACIÓN DA LISTA DE SUBSTITUCIONS.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada un dos distintos apartados de méritos valorables.

Concluída a cualificación do proceso, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello o nome dos/as aspirantes por orde da puntuación total final, así coma das puntuacións de cada apartado da valoración de méritos, e serán os integrantes da lista de chamamentos para futuras contratacións/nomeamentos.

En caso de empate na puntuación final, e para determinar a orde de prelación na lista, dirimirase a favor daquel/a aspirante que obteña maior puntuación no apartado A) relativo a experiencia profesional, no seu defecto, e en caso de persistir o empate, pola apartado B) relativo ós Cursos de formación, no seu defecto polo apartado C) relativo á situación de desemprego, de persistir o empate polo apartado D) Coñecemento da Lingua Galega.

De persistir o empate determinarase pola orde do primeiro apelido, segundo e nome en relación á letra administrativa da Xunta de Galicia para cada exercicio. Neste exercicio a letra é o “T” (Resolución de data 28 de xaneiro de 2022 da Consellería de Facenda e Administración Pública).

De conformidade coa proposta feita polo Órgano de Selección aprobarase, mediante Decreto da Alcaldía, a Bolsa de Emprego correspondente que se publicará na Sede Electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

9ª.- CONTRATACIÓN

Aprobada a Bolsa de Emprego polo Concello de Manzaneda, procederase a realización do chamamento polo responsable do servizo correspondente.

De dito chamamento deixarase constancia mediante dilixencia do responsable con indicación do/a aspirante, categoría, data e hora. Será admisible como medio de chamamento o teléfono así como as mensaxes SMS.

Os chamamentos realizaranse á primeira persoa da lista correspondente que se atope activa á data en que deba empezar a prestar servizos. Si o designado non se presentase no prazo de dous días naturais ou renunciase o chamamento, sen máis causa xustificada, perderá o seu dereito e a puntuación adxudicada deixando de formar parte de tódalas bolsas de emprego.

A exclusión para formar parte da bolsa de emprego nunha Categoría leva aparellada a exclusión das demais Categorías da Bolsa.

No caso de chamamentos que pola súa urxencia non poidan demorar a súa incorporación, realizaranse dous chamamentos por calquera dos medios

anteriores cunha franxa mínima de dúas horas entre os chamamentos podendo chamarse a varios membros da Bolsa. Si os candidatos non se presentaran pasarán a ó final da lista.

Considéranse causas xustificadas atoparse traballando (xustificarase mediante a presentación dun contrato de traballo, non sendo posible rexeitar máis de un chamamento co mesmo contrato) e enfermidade grave, entendéndose por tal a que requira ingreso hospitalario e a que incapacite para a prestación do servizo (xustificarase con certificado ou parte médico), maternidade/paternidade ou falecemento de familiar de primeiro grao.

Se a causa de rexeitamento fose xustificada deixará temporalmente de formar parte da lista ata que de forma expresa e por escrito comunique o Concello a súa dispoñibilidade, o mesmo volverá a formar parte da lista no mesmo posto en que se atopaba na/s lista/s que solicite.

No suposto contemplado no caso anterior, iranse efectuando nomeamentos ata que se proceda a contratación oportuna, en caso de esgotar a lista, o Concello seleccionara polo procedemento selectivo legalmente establecido que estime oportuno.

Seleccionado o candidato/a dictarase resolución na que se fará constar o tipo de contrato, duración do mesmo e procederase a súa formalización.

En aplicación do disposto nestas Bases, o Concello de Manzaneda confeccionará a correspondente Bolsa de Emprego que estará en vigor en tanto en cuanto non se declare a súa derogación expresa polo órgano competente ou se elabore una nova bolsa de emprego. Poderán convocarse procesos parciais relativos a unha ou varias categorías segundo as necesidades do servizo.

No caso de contratacións para execución de subvencións concedidas por outras Administracións Públicas ou Entidades, na contratación de persoal estarase ó disposto nas respectivas ordes reguladoras. Si a persoa a que lle corresponda a contratación dacordo coas presentes bases non reunira os requisitos que a Orde de axudas establece, non será chamada a contratación e chamarase ó seguinte por orde de puntuación. Este acordo serálle notificado á persoa excluída.

10ª SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS.

Aqueles aspirantes seleccionados para formar parte das listaxes de contratación que o desexen poderán solicitar antes de que se produza, a suspensión de chamamentos no seu favor por un periodo de tres meses, durante os cales non se efectuarán chamamentos de ningún tipo no seu favor en ningunha categoría da Bolsa.

Pasado este periodo e previa solicitude, volverán a formar parte das listaxes no mesmo posto en que se atopaban antes da suspensión, manténdose en todo caso as contratacións que se realizasen antes da súa reincorporación. Esta

reincorporación terá lugar o décimo sexto día natural posterior a aquel en que teña entrada a solicitude no Rexistro.

Nesta situación atoparánse ademais os membros da Bolsa que se atopen prestando servizos con base a esta Bolsa noutra Categoría da mesma mentres persista esta situación.

11ª FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O Concello de Manzaneda procederá ao chamamento dos/as aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador segundo o sistema de chamamento descrito na base novena.

O órgano competente da Corporación procederá á contratación/ nomeamento a favor dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación/ nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización do contrato/ nomeamento terá lugar dentro do prazo máximo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos/ nomeamentos e non se incorporen ao posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

12ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación de maneira supletoria o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no Real Decreto Legislativo, 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e demais lexislación vixente que resulte de aplicación.

Segunda.- Os actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, a través da Sede Electrónica e do taboleiro de anuncios do Concello.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados das convocatorias, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.- Concluído o proceso de elaboración da bolsa de emprego, ésta entrará en vigor deixando sen efecto a a anterior.


Quinta.- As presentes bases, as sucesivas convocatorias, resolucións e demais actos administrativos que deriven das mesmas poderán ser obxecto de impugnación nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas así como na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

Sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outr acción legal que se considere procedente.

O Alcalde-Presidente

Amable Fernández Basalo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



ANEXO I

**SOLICITUDE DE PARTICIPACION EN PROCESO SELECTIVO PARA A
SELECCIÓN DE PERSOAL PARA SUBSTITUCIONS DE DETERMINADOS
POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS O CONCELLO DE MANZANEDA .**

DATOS PERSOAIS

APELIDO1.....

APELIDO2.....

PRAZA SOLICITADA:

.....

DIRECION:

c/

av/

pz.....num.....piso.....Cod.Postal.....TELEF
ONO.....

.....LOCALIDADE.....PROVINCIA

DECLARA:

Que non padece enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.

Que non ten sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Idéntico requisito seralles esixido aos/ás nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

Que non esta incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

SOLICITA:

Ser admitido no proceso selectivo ó que se refire a presente instancia, e declara baixo a súa responsabilidade que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nesta convocatoria para o ingreso na categoría, comprometéndose a probalo documentalmente.

***En Manzaneda, a de de 2.022
(sinatura)***

**RELACION DE DOCUMENTOS QUE SE APORTAN XUNTO COA
SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO PARA**

**ELABORACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE
MANZANEDA**

D.
.....

CATEGORÍA
.....

RELACIÓN DE DOCUMENTOS :

1.-
.....

2.-.....
.....

3.-.....
.....

4.-
.....

5.-
.....

6.-
.....

7.-.....
.....

8.-.....
.....

9.-
.....

10.-.....
.....

11.-
.....

12.-.....
.....

13.-.....
.....



14.-
.....

15.-
.....

En Manzaneda, a de de 2.022

(sinatura)

II.1. ATS/DUE Residencia 3ª Idade: ATS/DUE: Estar en posesión do Título de Diplomatura en Enfermería ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.2.- Fisioterapeuta Residencia 3ª Idade: Estar en posesión do Título de Diplomatura en Fisioterapia ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.3.- Educadora Social Residencia 3ª Idade: Estar en posesión do Título de Diplomatura/grao en Educación Social, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.4.- Auxiliar de Clínica Residencia 3ª Idade: Estar en posesión do Título de Técnico de Coidados Auxiliares de Enfermería FP Rama Clínica, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.5.- Xericultor/a Residencia 3ª Idade: Estar en posesión do Título de Técnico de Atención Sociosanitarias, FP Rama Clínica ou equivalente ou Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitarias a peroas en institucións ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.6.- Camareira-Limpiadora Residencia 3ª Idade: Estar en posesión do Título de Certificado de Escolaridade ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.7.- Cociñeiro/a: Estar en posesión do Título de Técnico Superior en Restauración, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.8.- Oficial 2ª Cociña: Estar en posesión do Ciclo de Grao Medio en Cociña e Gastronomía, FP Rama Hostelería ou equivalente, certificado de Profesionalidade ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.9.- Axudante de Cociña: Estar en posesión do Título de Graduado en ESO ou equivalente e Carné de Manipulador de alimentos ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.10.-Auxiliar do SAF: Estar en posesión do Título de Técnico de Coidados Auxiliares de Enfermería FP Rama Clínica,Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a peroas no domicilio ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

II.11.- Asistente domiciliaria do SAF: Estar en posesión do Título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería FP Rama Clínica,Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a peroas no domicilio ou equivalente, ou declaración responsable de participar nos procesos de acreditación profesional, na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.